

REGULAMENTO SOBRE A LIBRE ELECCIÓN

(Aprobado polo Consello de Goberno o 31 de maio de 2005)

Esta normativa ten por obxecto regular aspectos relacionados coa libre elección e vén a substituír os acordos que foron aprobados pola Xunta de Goberno da UDC nas súas sesións do 9/07/1996 e do 28/05/1997 e os acordos posteriores da Comisión de Planos de Estudos que os desenvolven.

CAPÍTULO I PRELIMINAR

Artigo 1

1. A Universidade da Coruña deberá determinar, antes do comezo de cada curso académico, a relación de materias, de seminarios e de demais actividades académicas que constituíren obxecto de libre elección do estudantado e pode, en función da capacidade docente, limitar o número de prazas que se ofertaren.
2. En ningún caso poderán ser obxecto de libre elección aquelas materias ou aquelas actividades académicas de contido idéntico ou moi similar ao das materias propias da titulación que corresponder, nin tampouco aquelas materias ou disciplinas que poidan estar suxeitas a prerequisites ou a incompatibilidades.
3. A Universidade da Coruña (UDC) desexa facilitar ao estudantado unha ampla oferta de contido interdisciplinario de xeito que se procure, ademais, un achegamento ao proceso de converxencia europea a través da posibilidade de obter créditos de libre elección por actividades formativas tuteladas.

CAPÍTULO II DIRECTRICES PARA A OFERTA DE LIBRE ELECCIÓN

Artigo 2. Oferta Libre Elección

1. A oferta de libre elección da Universidade da Coruña para cada curso académico estará constituída por:
 - a. Materias optativas dos planos de estudos vixentes
 - b. Materias de “oferta xeral” de libre elección
 - c. Seminarios e actividades académicas que se ofrecen para a libre elección
2. No caso de optativas dos planos de estudos vixentes e das materias de “oferta xeral” de libre elección, o profesorado responsable da súa docencia avaliará os coñecementos adquiridos polo/a alumno/a e concederá unha cualificación que figurará no expediente deste/a alumno/a.
3. No caso dos seminarios e das actividades académicas que se ofreceren para libre elección, recoñeceranse os créditos que se obtiveren, sen que figurar a cualificación.

4. A proposta de materias de libre elección (tanto optativas como de oferta xeral) debe realizarse nas datas establecer o Consello de Goberno; nesta proposta, os centros e os departamentos deben comprometerse a ofrecer os datos necesarios (cuadrimestre en que se imparten, horarios, profesorado encargado etc.) para que o alumnado poida efectuar unha elección responsable e con coñecemento das características fundamentais das materias que se ofreceran.

Artigo 3. Materias optativas dos planos de estudo vixentes

1. Materias optativas dos planos de estudo vixentes que se ofrecen ao alumnado da mesma titulación e do mesmo plano de estudos.
 - a) Ofreceranse tamén como libre elección todas as materias dos planos renovados dos centros, tanto propios como adscritos, que estes decidan ofertar como optativas en cada curso académico.
 - b) A oferta de libre elección deste tipo de materias funcionará para todos os efectos como a oferta das materias optativas. O/a alumno/a realizará a matrícula de cada materia sen necesidade de especificar o seu carácter (optativa ou libre elección).
 - c) No suposto de que un/unha alumno/a superar unha materia optativa da súa mesma titulación e do mesmo plano de estudos, poderá solicitar no seu centro, para rematar o ciclo, en caso de traslado para continuar estudos noutra universidade ou para finalizar os seus estudos, o cambio de carácter desa materia. En ningún caso poderá utilizarse a mesma materia como optativa e como libre elección ao mesmo tempo.
 - d) Despois da realización do depósito do título ou da expedición dun certificado acreditativo de finalizar o 1º ciclo, non será posible solicitar o cambio de carácter de ningunha materia.
2. Materias optativas dos planos de estudo vixentes que se ofrecen ao alumnado de diferente titulación e/ou plano de estudos
 - a) Poderán ofrecerse a alumnos de diferente titulación e/ou plano de estudos materias optativas dos planos renovados dos centros propios. As optativas dos planos de estudos dos centros adscritos ofertaranse unicamente na propia titulación.
 - b) A proposta de oferta deste tipo de materias, que realizarán os decanatos/direccións de centros á V.O.A., debe cumprir os seguintes requisitos:
 - a. as materias que se ofreceran en cada curso académico estarán incluídas entre as que este centro ofreceran como optativas neste curso;
 - b. o número de materias que se ofreceran en ningún caso superará a porcentaxe (das que o centro oferta como optativas en cada curso académico) que establecer a vicerreitoría responsable;
 - c. o centro, na súa petición, debe especificar para cal ou para cales titulacións é incompatible cada materia.

- c) O número de prazas que se ofertarán en cada materia será o que propoña o centro, cun máximo de 25.
- d) A oferta de libre elección deste tipo de materias en ningún caso implicará o aumento dos grupos da disciplina de que se tratar.
- e) No suposto de que un/unha alumno/a superar unha materia optativa que foi ofertada como libre elección por outra titulación e/ou plano de estudos, non poderá solicitar o cambio de carácter desta.
- f) Para a admisión do alumnado o criterio que se establecer será o de expediente académico, no caso de alumnos/as que continuaren os seus estudos, e de nota de acceso ponderada para aquelas persoas que comezaren os seus estudos.
- g) O alumnado de 1º ciclo dunha titulación non poderá cursar materias de 2º ciclo doutra titulación e/ou plano de estudos. No caso de titulacións que tiveren optativas de titulación (non distribuídas por ciclo) especificarase que materias poden ofertarse en 1º ciclo.

Artigo 4. Materias de “oferta xeral” de libre elección

1. O número de prazas para ofertar nas materias de “oferta xeral” será de 75, agás excepcións motivadas polas características das materias. O número máximo de créditos de cada unha destas disciplinas será de 4.
2. Para a admisión do alumnado, o criterio establecido será o de expediente académico no caso de alumnos/as que continuaren os seus estudos e a nota de acceso ponderada para aquelas persoas que os comezaren.
3. As materias de libre elección de oferta xeral só poderán ter carácter cuatrimestral.
4. Nas materias de oferta xeral non poderá, agás no caso dos centros adscritos, figurar ningún tipo de restrición.

Artigo 5. Seminarios e actividades académicas que se ofrecen para a libre elección

1. Tal como se establece nas directrices xerais comúns dos planos de estudo dos títulos de carácter oficial, as universidades poderán determinar en cada curso aquelas actividades académicas que constituíren obxecto de libre elección.
2. Para o recoñecemento de créditos por seminarios e por actividades académicas que se ofrecen para a libre elección, rexerá o que se dispón nos apartados III e IV.

CAPÍTULO III RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS DE LIBRE ELECCIÓN

Artigo 6. Recoñecemento de créditos por seminarios e actividades académicas

1. O estudiantado da UDC poderá obter créditos de libre elección pola realización de diversas actividades formativas que foren consideradas de interese polos centros, polos departamentos, polas unidades ou polos servizos, independentemente de seren ou non organizadas por eles.

2. O número total de créditos que poderá obter un/unha alumno/a polo total de seminarios, de cursos, de xornadas, de congresos, de actividades formativas no ámbito da educación física ou deportiva e de presentación de comunicacións e relatorios, dos apartados A e B anteriores será, como máximo, do 25% dos créditos de libre elección que o/a alumno/a puideren cursar.
3. O recoñecemento de créditos polos títulos das ensinos de música, danza e arte dramática non require que estes estudos se cursasen mentres os alumnos están matriculados na UDC. Só se condiciona a estancia simultánea na UDC para o recoñecemento de créditos para o resto de actividades.
4. Non se recoñecerán, en ningún caso, créditos de libre elección polos estudos de posgrao, nin por partes ou módulos deles, nin por ningunha outra actividade que vai dirixida fundamentalmente a alumnos titulados.

Artigo 7. Cursos, os seminarios, as xornadas e mais os congresos e outras actividades formativas

1. Inclúense neste apartado:
 - a) Os cursos, os seminarios, as xornadas e os congresos que organiza, imparte e/ou avale a UDC (centros, departamentos, institutos universitarios, profesorado ou asociacións de estudantes), outras universidades, institucións públicas ou entidades privadas. O número de créditos será o que establecer a Comisión de Planos de Estudos para cada caso, cun máximo de 3 créditos por curso ou seminario. No caso de entidades privadas, esixirase o aval do/a decano/a ou director/a do centro ou do departamento, unha vez que se consulte a comisión académica/docente do centro ou, no seu caso, a comisión permanente do departamento.
 - b) Os cursos de verán de todas as universidades españolas, incluídos os cursos de verán da UIMP, cun máximo de 2 créditos por curso.
 - c) A realización, baixo tutela académica, de actividades de formación no ámbito da actividade física ou deportiva.
2. O número de créditos que conceder a Comisión de Planos de Estudos (C.P.E) por este motivo realizárase de acordo cos seguintes criterios:
 - a) Non se recoñecerá ningún crédito por cursos cuxa duración for de menos de 10 horas lectivas.
 - b) Para cursos, seminarios, cursos de verán, xornadas e congresos de polo menos 10 horas de duración, establécese que:
 - se o curso, o seminario, a xornada ou o congreso, tiver carácter nacional e unicamente proporciona certificado de asistencia, 1 crédito=15 horas lectivas, cun máximo de 2 créditos;
 - se o curso, o seminario, a xornada ou o congreso, tiver carácter internacional ou, de ter carácter nacional, proporciona certificado de asistencia e aptitude

aos participantes, 1 crédito = 10 horas lectivas cun máximo de 3 créditos, sempre que se xustificar o carácter internacional ou se presentar unha avaliación positiva.

3. O número de créditos que se obtiveren por actividades de formación no ámbito da actividade física ou deportiva realizarase co criterio de 1 crédito = 15 horas.

Artigo 8. Presentación de comunicacións e relatorios en congresos

1. No caso de presentación, non só asistencia, de comunicacións e relatorios en congresos poderanse recoñecer créditos de libre elección.
2. As condicións para obter créditos de libre elección por comunicacións e relatorios en congresos son:
 - a) a comunicación ou o relatorio realizarase baixo a supervisión ou a tutela dun profesor da UDC; este profesor acreditará a realización da tutela ou supervisión así como a calidade do traballo;
 - b) deberá achegarse un documento acreditativo da participación no congreso.
3. O número de créditos que un alumno pode obter por comunicación ou relatorio e 1, co máximo de 3 por este concepto.

Artigo 9. Participación en competicións deportivas oficiais da UDC, autonómicas, nacionais ou internacionais

1. Dada a importancia do deporte universitario, recoñeceranse créditos de libre elección pola participación en competicións deportivas oficiais e realizarase directamente no centro onde o/a alumno/a cursar os seus estudos.
2. Para o recoñecemento dos créditos será preciso presentar un certificado que acreditar a participación na competición..
3. O número de créditos que se obtiveren por este motivo, realizarase co criterio de:
 - a) competicións universitarias autonómicas e nacionais: 2 créditos
 - b) competicións internacionais: 3 créditos
4. O máximo número de créditos que un alumno pode obter por este concepto é o 15% dos de libre elección que establecer o plano de estudos da súa titulación.

Artigo 10. Colaboración en actividades académicas organizadas por centros, servizos ou unidades da UDC

1. Recoñeceranse créditos de libre elección pola colaboración en actividades académicas que organizar un centro, un servizo ou unha unidade da UDC.
2. Para a obtención de créditos de libre elección pola colaboración en actividades académicas, é preciso que esta veña avalada por un departamento, un centro, un servizo ou unha unidade da UDC e que presente á Comisión de Planos de Estudos unha memoria explicativa da actividade que se vai realizar. Tamén será necesaria a certificación da participación por parte do centro, ou da vicerreitoría de que depender o servizo ou a unidade que organiza a actividade, en que figurará a actividade que realizar o/a alumno/a e o número de horas de colaboración.

3. O número de créditos que se conceda será: 1 crédito por cada 15 horas de colaboración.
4. O máximo número de créditos que un alumno pode obter por este concepto é o 15% dos de libre elección que establecer o plano de estudos da súa titulación.

Artigo 11. Cursos de formación da Aula de Informática

1. Por cada curso da Aula de Informática, o número de créditos que se conceder responderá á equivalencia 1 crédito = 10 horas.
2. Poderase recoñecer ata un máximo do 50% de créditos que o/a alumno/a tiver que cursar dos que esixir o plano de estudos da súa titulación. Estes cursos quedan excluídos do límite do 25% que está establecido para o recoñecemento de créditos de libre elección por cursos, seminarios, xornadas e congresos.
3. Para o recoñecemento de créditos por este tipo de cursos será necesaria, ademais da asistencia, a superación das probas correspondentes, que debe quedar acreditada no diploma de asistencia.

Artigo 12. Cursos do Centro de Linguas

1. Por cada curso do Centro Linguas o número de créditos que se conceder responderá á equivalencia 1 crédito = 10 horas.
2. Poderase recoñecer ata un máximo do 50% de créditos que o/a alumno/a teña que cursar dos esixidos no plano de estudos da súa titulación. Estes cursos quedan excluídos do límite do 25% que se establece para o recoñecemento de créditos de libre elección por cursos, seminarios, xornadas e congresos.
3. Para o recoñecemento de créditos por este tipo de cursos será necesaria, ademais da asistencia, a superación das probas correspondentes, que debe quedar acreditada no diploma de asistencia.

Artigo 13. Cursos da Escola Oficial de Idiomas e de institucións dunha natureza análoga

1. Cursos da Escola Oficial de Idiomas (E.O.I.), para calquera dos idiomas que se impartan con carácter oficial:
 - a) Recoñeceranse créditos de libre elección para as certificacións dos distintos niveis, mais non se recoñecerán créditos por cursos soltos.
 - b) Non se recoñecerán créditos de libre elección polo certificado de nivel básico cando coincidira co idioma que foi estudado no bacharelato ou cando este for validado (por calquera motivo polo que se concedese a validación).
 - c) En tanto non se producir a implantación das novas certificacións da E.O.I., para os certificados dos niveis actuais recoñeceranse os seguintes créditos de libre elección
 - certificado de ciclo elemental: 6 créditos
 - certificado de aptitude: 9 créditos

- ❑ O número de créditos que se obteñan por cada un dos certificados non ten carácter acumulable.
 - d) O recoñecemento de créditos de libre elección para os novos certificados da E.O.I. realizarase de acordo coa seguinte equivalencia:
 - ❑ certificado de nivel básico: 6 créditos
 - ❑ certificado de nivel intermedio: 7,5 créditos
 - ❑ certificado de nivel avanzado: 9 créditos
 - ❑ O número de créditos que se obteñan por cada un dos certificados non ten carácter acumulable.
- 2. Poderanse obter créditos de libre elección pola presentación de certificados que foren expedidos polas seguintes institucións: Alliance Francaise, Institut Francais, Instituto Italiano di Cultura, British Council, Goethe Institut. Para que se teña dereito ao recoñecemento de créditos de libre elección é preciso teren as institucións o recoñecemento oficial dos seus respectivos países.
- 3. A Comisión de Planos de Estudos establecerá a equivalencia entre os certificados que foren expedidos por estas institucións e os da E.O.I. e concederá o número de créditos que corresponder a cada nivel ou ciclo e non se poderán obter créditos por unidades ou por cursos soltos.
- 4. Quedan excluídos do recoñecemento automático de créditos de libre elección polos estudos dos idiomas que se realizaren na Escola Oficial de Idiomas ou noutras institucións dunha natureza análoga, o alumnado das licenciaturas de Filoloxía, con respecto aos idiomas que forman parte obrigatoriamente dos seus correspondentes planos de estudos.
- 5. Poderase recoñecer ata un máximo do 50% dos créditos que o/a alumno/a teña que cursar dos que establece o correspondente plano de estudos.

Artigo 14. Diplomas ou títulos homologados por ensinos de música e danza

1. Por estudos en que se obtiver o correspondente título homologado, recoñeceranse os créditos que se especifican a continuación:
 - a) Polo título de grao medio: 6 créditos
 - b) Polo título de grao superior: 9 créditos
2. O número de créditos que se obteñan por cada un dos graos non ten carácter acumulable.
3. Poderase recoñecer ata un máximo do 50% dos créditos que o/a alumno/a tiver que cursar dos establecidos no correspondente plano de estudos.

Artigo 15. Diplomas ou títulos arte dramática

1. Polo título de grao superior de Arte Dramática: 9 créditos
2. Por este concepto poderase validar ata un máximo do 50% dos créditos que o alumnado tiver que cursar, segundo o que establecer o correspondente plano de estudos.

Artigo 16. Realización de prácticas tuteladas en empresas ou en institucións

1. Recoñeceranse créditos de libre elección por prácticas en empresas ou en institucións sempre que se subscribir o correspondente convenio e o/a alumno/a superar o 50% dos créditos da titulación que estiver a cursar.
2. Inclúense neste punto todos os supostos de prácticas en empresas que non aparecen regulados no plano de estudos dunha titulación ou para os que ese plano de estudos non estableza as equivalencias correspondentes.
3. Para o recoñecemento de créditos é preciso que o convenio de colaboración se realizar a través dos seguintes organismos:
 - a) un centro (facultade ou escola) da UDC
 - b) o servizo de Orientación Laboral da UDC
 - c) o Consello Social da UDC
 - d) a Fundación Universidade da Coruña (FUAC)
4. No convenio deberá figurar:
 - a) o número de horas de prácticas que o alumno realizou na empresa, así como a equivalencia a créditos de libre elección;
 - b) un titor por parte da empresa e/ou pola outra parte que subscribir o convenio (centro, Servizo de Orientación Laboral, Consello Social ou FUAC).
5. Ao finalizar as prácticas o/a alumno/a deberá presentar unha memoria acreditativa das actividades que realizou, que deberá ser avalada polo titor ou titores que figuraren no convenio.
6. A equivalencia será:
 - a) 3 créditos = 1 mes de prácticas (100 horas)
 - b) 4 créditos = 1 mes de embarque (prácticas en buques)
7. O número máximo de créditos que se poderán obter por este concepto será de 15 créditos no caso de prácticas en empresas e 12 no de prácticas en buques.

CAPITULO IV

PROCEDIMIENTO PARA SOLICITAR O RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS DE LIBRE ELECCIÓN

Artigo 17. Funcións da Comisión de Planos de Estudos relacionadas coa libre elección

Son funcións da Comisión de Planos de Estudos, entre outras:

- a) avaliar as peticións de ofertas de seminarios, de cursos, de xornadas e doutras actividades académicas e, baseándose nelas, efectuar a proposta anual/semestral da UDC para este tipo de actividades;
- b) supervisar a calidade das actividades que ofrece a UDC.

Artigo 18. Procedemento para a solicitude de recoñecemento de créditos de libre elección por cursos, seminarios, congresos e outras actividades formativas

1. Para os cursos, os seminarios, os cursos de verán, as xornadas e os congresos que se vaian realizar, as peticións de concesión de créditos de libre elección débena realizar os seus organizadores ou os seus promotores á Vicerreitoría de Organización Académica, que as trasladará á Comisión de Planos de Estudos.
2. Na petición é preciso achegar a seguinte documentación:
 - a) o impreso de solicitude de concesión de créditos;
 - b) a denominación do curso, do seminario, da xornada ou do congreso que se for realizar;
 - c) a entidade ou entidades organizadoras;
 - d) a persoa responsable académica da súa realización;
 - e) o aval do decano/director do centro ou departamento, se for o caso;
 - f) o número de horas e número de créditos de libre elección que se solicitaren;
 - g) unha breve descrición do seu contido;
 - h) o programa, as datas de realización e o horario detallado;
 - i) o procedemento de control de asistencia, se for o caso
 - j) o sistema de avaliación, se for o caso;
 - k) se o curso, o seminario, o curso de verán, a xornada ou o congreso, tivo recoñecemento de créditos no curso anterior indícarase a súa denominación e o número de créditos que se lle concedeu.
3. A Vicerreitoría de Organización Académica establecerá os prazos de cada unha das dúas convocatorias anuais de recepción de solicitudes, que se realizarán nos meses de setembro/outubro e marzo/abril. As solicitudes que se presentaren en cada unha das convocatorias trasladaranse á Comisión de Planos de Estudos, a partir de cuxa decisión se concretará e publicará a oferta de cursos, seminarios, cursos de verán, xornadas e congresos, que terán recoñecemento de créditos en cada curso académico.
4. As persoas organizadoras dos cursos, dos seminarios, dos cursos de verán, das xornadas e dos congresos que tiveren recoñecemento de créditos de libre elección, deberán entregar ás persoas participantes un certificado ou un diploma en que constar, polo menos, a denominación da actividade, a data de realización, o número de horas, o número de créditos que se lle concedeu e, se for o caso, a cualificación que obtiveron.
5. As peticións de incorporación ao expediente académico do recoñecemento de créditos de libre elección para cursos, seminarios, cursos de verán, xornadas e congresos xa realizados débena efectuar os/as alumnos/as nos centros directamente para o que achegarán a documentación seguinte:
 - a) as datas de realización e o número de horas;
 - b) o certificado, a acreditación ou o diploma de asistencia que se require para cada caso;
 - c) a avaliación ou a cualificación que se obtivese, se for o caso.

6. Para o recoñecemento de créditos de cursos (incluídos os cursos de verán) doutras universidades é precisa a presentación de certificación de recoñecemento de créditos por esta universidade; a incorporación ao expediente realizarase directamente no centro de acordo co criterio que se establece no punto 3.2.A do presente regulamento.

Artigo 19. Procedemento para a solicitude de recoñecemento de créditos de libre elección pola realización, baixo tutela académica, de actividades de formación no ámbito da actividade física ou deportiva

1. As peticións de incorporación ao expediente académico do recoñecemento de créditos de libre elección por este motivo realizarase directamente no centro onde o/a alumno/a cursar os seus estudos. Para o recoñecemento dos créditos, a realización da actividade debe estar convenientemente acreditada pola Vicerreitoría de Estudantes ou pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación, mediante o modelo de acreditación que establece a C.P.E.

Artigo 20. Recoñecemento e incorporación ao expediente

1. A Comisión de Planos de Estudos comunicará ás persoas responsables da actividade académica, cultural ou deportiva así como aos organizadores dos cursos, dos seminarios, das xornadas e dos congresos o número de créditos que se lle concederon. Así mesmo facilitará, se for o caso, un modelo de acta en que deberá constar a cualificación do/a alumno/a.
2. A incorporación dos créditos de libre elección recoñecidos por calquera das actividades que figuran no punto 3.2 realizarase na matrícula do curso inmediato seguinte, ou posteriores, á realización da actividade. Excepcionalmente, ao longo do mesmo curso en que se realiza unha actividade, poderanse incorporar ao expediente dun/unha alumno/a os créditos de libre elección que se recoñecen por ela cando o/a alumno/a estiver en condicións de finalizar os seus estudos ou o primeiro ciclo destes, ou no caso de o/a alumno/a solicitar traslado para continuar os seus estudos noutra universidade.
3. Os créditos de libre elección por todas as actividades do punto 3.2 figurarán no expediente do/a alumno/a como créditos recoñecidos, sen cualificación.
4. O custo da matrícula pola incorporación de créditos de libre elección recoñecidos será o que establecer o correspondente decreto de prezos públicos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

1. Para o curso 2005/06, e só no caso das materias optativas dun plano de estudos que se ofrecen a alumnado de diferentes titulacións e/ou planos de estudos, establécense os seguintes criterios e preferencias para a selección de alumnos/as:
 - a) Titulación que se imparte no mesmo centro e no mesmo ciclo

- b) Titulación que se imparte no mesmo campus e no mesmo ciclo
 - c) Expediente académico (que desempata nas preferencias anteriores)
 - d) O alumnado de 1º ciclo dunha titulación non poderá cursar materias de 2º ciclo doutra titulación e/ou plano de estudos.
2. Para as peticións de concesión de créditos de libre elección para cursos, seminarios, cursos de verán, xornadas e congresos que se recibisen na V.O.A. con anterioridade á 1/07/2005 serán de aplicación, transitoriamente, os criterios que seguiu a Comisión de Planos de Estudos, en anos anteriores.

DISPOSICIÓN FINAIS

1. A aprobación, tanto da relación de materias de libre elección, como do número de prazas que se ofertan en cada unha delas, corresponde ao Consello de Goberno da UDC.
2. Para facilitar a matrícula dos/as alumnos/as elaborárase unha guía específica de materias de libre elección, que se publicará antes do inicio do período de matrícula e contará coa máxima información posible sobre estas materias. Unha vez publicada esta guía, non se admitirán variacións que supoñan unha modificación substancial nestas (cuadrimestres en que se imparten, horarios etc).
3. Para os efectos da aplicación da presente normativa, as súas disposicións entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da UDC e quedarán derrogadas todas aquelas disposicións que ditaron os órganos da UDC, de rango inferior ou igual, que se opoñan ao disposto na presente normativa, excepto aquelas que son de xestión ou de procedemento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derrogadas todas aquelas disposicións que ditaron os órganos da UDC, de rango inferior ou igual, que se opoñan ao disposto na presente normativa, excepto aquelas que son de xestión ou de procedemento.